

# É TÚA. PÁSAA!

**GUÍA DIDÁCTICA**

con actividades e referentes  
para revolucionar o teu galego.

**ALINGUA**

asociación de entidades locais  
pola lingua galega



## CRÉDITOS

Coordinación e deseño: [Illa Bufarda](#)

Produción e creación de contidos: [Maos Innovación Social](#)

Autoría das fotografías por temas:

- Iris Justo (fotografía de I-Meiga), Iván Reimóndez Meilán (fotografía de María Reimóndez) e Xosé García (fotografía de Isabel Vilalba).
- Distrito Xermar (fotografía de Berta Dávila), Stillpablou (fotografía de Antía Yáñez) e Laia Ríos (fotografía de Eli Ríos).
- Óscar Corral (fotografía de Ismael Ramos).
- 7H Cooperativa Cultural (fotografía de Nana).
- Diego Dolan (fotografía de Rocío García Eiras) e Sechu López (fotografía del Sechu López).
- Aigi Boga (fotografía de Grande Amore), Santi Iglesias (fotografía de Fillas de Cassandra) e Polaride (fotografía de Tanxugueiras).
- Roberto Iglesias (fotografía de Qaramelo) e Xurxo Lobato (fotografía de Verónica Bolón).

Outras fotografías de uso libre: Ryan McGuire, Rachel Clare, Mosiunterwegs, Artem Podrez e Dimhou.

# ÍNDICE

- **Presentación**
- **Como usar a guía?**
- **Actividades para revolucionar o teu galego:**
  1. É túa. Pásaa reivindicando!
  2. É túa. Pásaa enriba do escenario!
  3. É túa. Pásaa lendo!
  4. É túa. Pásaa con creatividade!
  5. É túa. Pásaa na cociña!
  6. É túa. Pásaa no deporte!
  7. É túa. Pásaa con música!
  8. É túa. Pásaa a través da ciencia!
  9. É túa. Pásaa nas novas tecnoloxías!
  10. É túa. Pásaa con voz propia!
- **Recursos**
- **Respostas ás actividades**

# Presentación

Esta guía didáctica ten por obxectivo fundamental fomentar o uso do galego entre o estudiantado de ensino secundario por medio de actividades e referentes actuais.

Escolléronse para iso dez ámbitos: **activismo, artes escénicas, literatura, ilustración e deseño, gastronomía, deporte, música, ciencia e novas tecnoloxías.**

A través de diversas actividades, tanto individuais como en grupo, foméntase o coñecemento de persoas ou iniciativas de referencia neses ámbitos que utilizan habitualmente a lingua galega nas súas creacións, investigacións, proxectos ou reivindicacións.

Preténdese, desta forma, amplificar o diálogo entre o galego e as modernas formas de crear, de sentir, de investigar e, en definitiva, de estar nun mundo en constante mudanza para conectar o noso idioma coas novas xeracións.

A selección das persoas e iniciativas propostas quere reflectir a versatilidade e vitalidade do galego. Algúns deses referentes tamén o son en canto a valores, como o respecto á diversidade sexual, o consumo responsable ou a conciencia ambiental, de xeito que no proceso de traballo con esta guía pode integrarse facilmente a aprendizaxe en valores.

Esta guía é unha iniciativa de Alingua, asociación de entidades locais nada en 2019 coa vontade de promover, coordinar, dinamizar, impulsar, asesorar, apoiar, fomentar... todas aquelas accións que teñan como fin un maior uso da lingua galega.

Forman parte de Alingua entidades públicas ou privadas que teñen entre os seus obxectivos o desenvolvemento, a defensa e a promoción do uso da lingua galega.

Algúns dos nosos proxectos son o [Apego](#), o [Club de debate](#), [Youtubeiras](#) ou [Enreguéifate](#).

Séguenos?

[Web](#) | [Facebook](#) | [Instagram](#) | [YouTube](#)



## Como usar a guía?

Esta guía está dirixida especialmente ao alumnado de entre **12 e 16 anos** e ao profesorado de calquera materia. A variedade de ámbitos traballados e a diversidade de perfís das persoas referentes facilitan o seu aproveitamento desde diferentes enfoques.

Ao mesmo tempo, as actividades son flexibles e, non é preciso seguir unha secuencia específica. Isto tamén permite que adaptemos o uso desta guía ao tempo do que dispoñamos, por exemplo, á duración dunha ou de varias aulas ou mesmo programando a resolución das actividades ao longo de todo un trimestre.

Esta estrutura dividida por ámbitos facilita, por exemplo, a realización en novembro das actividades de *É túa, pásaa a través da ciencia!* no Día Internacional da Ciencia ou as de *É túa, pásaa lendo!* en abril polo Día Internacional do Libro ou mesmo en maio polo Día das Letras Galegas.

Na sección final, Recursos, encontraredes materiais existentes na rede que axudan a completar esta guía, profundando en diversas temáticas ou referentes.

ACTIVIDADES PARA  
**REVOLUCIONAR**  
**O TEU GALEGO**



# 1. É túa. Pásaa reivindicando!

Sexa na aldea, na vila ou na cidade, o galego converteuse ao longo da actual democracia no idioma vehicular da maior parte das reivindicacións que se poden escoitar nas nosas rúas. Lemas, pancartas ou pintadas na nosa lingua están presentes por case toda a nosa xeografía territorial e vital.

## **Obxectivos:**

- Promover o galego no activismo como lingua reivindicativa, alén de reivindicada.
- Coñecer perfís de activistas referentes en diferentes ámbitos.





Que? Anímaste  
a reivindicar un pouco?

## ACTIVIDADE

O mes que vén hai unha manifestación pola defensa da lingua galega e o equipo de normalización lingüística do instituto quere que vos encarguedes de elaborar diferentes lemas para as pancartas da manifestación. Queres algunha idea? Bótalles un ollo a [este vídeo](#) ou a [estoutro](#) para te inspirares!

Cubre as pancartas que ves a seguir con diferentes lemas nos que reivindiques a utilización do galego:





Por que escolliches estes lemas? Que queres transmitir con eles? Pensas que son necesarias as manifestacións ao redor da reivindicación da lingua galega? Cres que ti podes facer algo no teu día a día pola lingua galega? Hai algún lugar, persoa ou grupo no que che gustaría que che falasen galego e non o fan? Reflexiona sobre estas cuestións e debatédeas na aula.

Todos os argumentos, opinións, propostas, reflexións... son válidos porque cada persoa ten unha experiencia e unha relación diferente coa lingua galega.

Ao longo desta guía veremos que [o galego serve para todo](#) aquilo que te propoñas, para todas as situacións da túa vida cotiá e para relacionáreste con milleiros de persoas.

As manifestacións non son as únicas maneiras de reivindicar o uso do galego, senón que tamén hai moitas campañas que o fan como a iniciativa promovida polo IES Rafael Dieste, que demostra que na Coruña tamén se fala galego cunha campaña na que involucraron o comercio local baixo o lema "Aquí tamén se fala galego", chegando a máis de 200 establecementos da cidade. Queres saber de que ía esa campaña? Non tes máis que [premer aquí](#).

Ademais da situación da lingua galega, que outros temas de actualidade che preocupan? Por que deberíamos manifestarnos? Reflexiona sobre esta cuestión e debatédea na aula.



*Imaxe da campaña do IES Rafael Dieste da Coruña.*

## REFERENTES



### **Meiga-i**

é unha personaxe drag, un alter ego, co seu propio mundo interior e historias que contar. Monólogos, percusión, voz en directo e diversión marcan os seus espectáculos, onde rompe estereotipos e reivindica a loita "cuir".



### **María Reimóndez**

entende a pobreza como unha cuestión política na que se vinculan o neocolonialismo, o patriarcado e o capitalismo, por iso, leva desde 1994 traballando no campo da cooperación ao desenvolvemento. Tamén é activista feminista, na defensa da lingua galega en particular e da diversidade lingüística en xeral.



### **Isabel Vilalba**

é unha activista, gandeira e sindicalista, que traballa ao redor da organización agraria, a soberanía alimentaria e contra a minaría extractiva.

## 2. É túa. Pásaa enriba do escenario!

A oferta cultural que nos chega a diario a través dos medios de comunicación ou das redes sociais chega a ser en ocasións abafante. E a gran maioría das veces esa mareante oferta invisibiliza a produción cultural feita en galego.

### **Obxectivos:**

- Dar a coñecer referentes no ámbito das artes escénicas que se expresan ou comunican habitualmente en lingua galega.
- Ampliar a cultura audiovisual do público escolar.



Atrévete a procurar novos referentes  
que nos sirvan de orientación  
para non nos perder?

## ACTIVIDADE

Se pensas nun escenario que é o primeiro que che vén á cabeza?

Enriba dun escenario poden pasar moitas cousas: un concerto de música, unha representación de teatro, un desfile de moda, unha entrega de premios...

Investiga quen subiu ao escenario recoller os seguintes galardóns:

**Premios de Teatro María Casares 2016 - Actriz protagonista:**



**Premios de Teatro María Casares 2015 - Actriz secundaria:**



**Premios Mestre Mateo - Mellor director 2019:**



**Premios Mestre Mateo - Mellor interpretación feminina protagonista 2009:**



**Premio Max 2021 ao mellor intérprete de danza masculino:**



Pon en común co resto da aula as túas respostas e, despois, tira do fío un pouco máis, afonda na vida das nosas e dos nosos protagonistas e coñece un pouco mellor o seu traballo, espectáculos, filmes etc.

Tiveches tempo de investigar o suficiente? De entre todas as persoas da aula, necesitamos unha voluntaria, que terá que representar mediante mímica e sen falar unha das 5 persoas premiadas. Pode ser a persoa que elixa. Quen adiviñe será a seguinte en saír representar a outra das galardoadas. Só hai 5 protagonistas e, polo tanto, 5 quendas. Comezamos!

## REFERENTES



[ESCÓITAA!](#)

### María Vázquez

Actriz

*“Sempre falei galego coa miña avoa Plácida. Ela foi a que fixo que nunca perdese ese vínculo. Filla de galegofalantes, emigrados a Vigo para saír adiante, e que consideraban como tantos outros, por desgraza, que criar ás súas fillas en castelán sería mellor para o seu futuro...*

*Cando quedei embarazada comezou o meu despertar coa lingua galega, e quixen recuperar cos meus fillos unha lingua que se perdía na familia, e con ela as nosas raíces, as nosas peculiaridades e a nosa identidade, como familia e como pobo.”*

## 3. É túa. Pásaa lendo!

Entras na sección de libros dun centro comercial e procuras algún en galego. Canto tempo tardaches en encontralo? Oi!, que aínda estás alí a procurar? E se vas pola rúa e ves o escaparate dunha librería, que porcentaxe de libros en galego ves destacados? Por sorte, dispomos de grandes obras escritas en galego ou traducidas ao noso idioma, ás veces só é cuestión de saber buscar...

### **Obxectivos:**

- Fornecer ferramentas para o descubrimento de literatura en galego.
- Promover o interese pola lectura e a creación literaria.




Tentámolo?

# ACTIVIDADES

Es unha persoa que les moito ou pouco? Estás ao tanto das novidades editoriais ou nunca sabes o nome de escritores e escritoras? Ímoste pór a proba: relaciona cada libro coa persoa que o escribiu.

1



2




3




4



5



6




a



b



c



d



e



f



1

3

5

2

4

6


Agora responde as seguintes preguntas e comparte as túas respostas co resto da aula. Debate coas túas compañeiras e compañeiros sobre os xéneros literarios, sobre libros e a súa autoría e sobre a literatura galega.

**1. Cal foi o último libro que liches?**

**2. Cal é o teu libro favorito?**

**3. Cal é o xénero literario que máis che gusta?**

Coñece algunhas recomendacións da man de [Nee Barros](#). Tomando o seu vídeo como exemplo, escolle un libro e fai a túa propia crítica literaria. Tamén lles podes botar un ollo ás críticas de [Lecturafilia](#).







Gustouche iso da crítica literaria?

Aquí che deixamos algúns bookstagramers en galego:

[@surfeandolibros](#)

[@littera\\_lupa](#)

[@nazondebookstagram](#)

[@mazadahorta](#)

[@delibrosalibres](#)

[@libroscontos](#)



Coñeces algunha outra conta? Compártea co resto da aula!



## REFERENTES



### Ismael Ramos

Escritor

*"A miña relación co galego é natural, espontánea, doada."*



[ESCÓITAO!](#)



### Leticia Costas

Escritora

*"Levo o galego como bandeira. É o meu sinal de identidade, na ficción literaria e na vida real."*



[ESCÓITAA!](#)

## 4. É túa. Pásaa con creatividade!

A arte pode transmitir, entre outras cousas, a visión do mundo da persoa creadora. Son moitas e diferentes as manifestacións artísticas, e moi diversas as visións que transmiten.

### **Obxectivos:**

- Fomentar o interese en diferentes manifestacións artísticas.
- Fornecer exemplos de creadoras e creadores que crean ou comunican en galego.



Arriscas a asomar o fociño pola xanela e ver que se fai polo mundo creativo galego?

## ACTIVIDADES

No mundo da arte atopamos diversas manifestacións artísticas, neste cadro hai 8, aínda que son só algunhas delas, xa que poderíamos falar de moitas máis.


Es quen de atopalas todas?

P	I	M	E	D	O	T	A	P	R	I	M	B	A	N
I	L	U	S	T	R	A	C	I	O	N	A	I	T	E
N	U	R	A	O	I	N	E	N	A	E	N	L	A	G
T	I	A	R	T	E	E	N	T	O	S	C	A	C	O
A	G	L	O	B	I	A	R	U	R	A	E	N	U	D
L	N	I	S	U	X	C	E	R	A	M	I	C	A	N
I	E	S	E	E	A	R	T	A	N	C	R	O	R	E
G	A	M	A	C	O	E	R	L	A	R	R	F	E	S
O	F	O	T	O	G	R	A	F	I	A	U	E	L	A
F	E	R	I	L	E	B	N	T	N	E	N	T	A	P
U	N	X	D	A	L	A	V	O	O	M	P	A	T	E
C	A	C	U	X	T	I	O	S	M	A	I	L	L	O
O	T	A	M	E	E	N	U	E	B	E	S	O	E	N
M	D	E	S	E	Ñ	O	G	R	A	F	I	C	O	T
A	L	E	O	Z	A	N	T	E	N	O	S	A	M	E

Botas algunha en falta?

A seguir, mostrámosche algunhas obras de arte. Pon debaixo o nome das diferentes manifestacións que atopaches na sopa de letras, a ver se es quen de atinar con todas.

AURORA OUTÓN



NANA



ZELTIA



CAVALINHO DO DEMO



Despois de inspirarte con tanta creatividade, é a túa quenda. Comeza modificando os diálogos desta viñeta de Luís Davila e crea unha nova historia, partindo da mesma ilustración.



Agora, ímoslle dar a volta ao xogo para que poñas a proba a túa creatividade. Aquí tes un lenzo en branco no que debuxar, pintar, facer unha colaxe... o que máis che apeteza partindo da premisa: É túa, pásaa! Adiante!



## REFERENTES



### **Luís Dávila**

deseñador gráfico, pintor e ilustrador, coñecido principalmente polo seu traballo de elaboración de viñetas como O Bichero para o xornal Faro de Vigo.



### **Aurora Outón**

pintora natural de Barro, que mestura o rural, a tradición e a cultura e lendas galegas dende un punto de vista feminista e revolucionario.



### **Nana**

ilustradora, educadora artística e artista mural independente, utiliza unha paleta de cores saturadas e vibrantes coas que dá corporeidade a figuras femininas e animais.

## 5. É túa. Pásaa na cociña!

Sería posible asociar sabores aos idiomas? Nese caso, cal sería o sabor do galego? O único do que temos certeza é de que a cociña é tanto unha arte como un oficio e que, en ambos os casos, dependendo de como busques, encontrarás máis ou menos sabores.

### **Obxectivos:**

- Pór en relación a gastronomía coa cultura e o idioma.
- Mostrar referentes no uso do galego no ámbito da restauración.



Facemos unha cata?



## ACTIVIDADE

A túa amiga Emily, que vive en Londres, vén visitarte nas vacacións de verán coa súa familia e pasarán cinco días en Galicia. Durante este tempo, a familia quere coñecer a cultura e gastronomía galegas e pídenche que fagas de guía. Xa estiveron de visita o ano pasado e visitaron a catedral de Santiago, a muralla de Lugo, as illas Cíes e as termas de Ourense, ademais foron á Festa do Queixo de Arzúa e á Festa do Percebe de Corme. Fai unha lista de tres pratos de comida tradicional que che gustaría que probasen e escribe a receita dun destes pratos.



Three horizontal, rounded rectangular lines intended for writing the names of three traditional dishes.

## RECEITA

A large, empty, rounded rectangular box intended for writing the recipe of one of the dishes.

Gustaríache saber máis sobre cociña? Queres aprender novas receitas? Bota un ollo ás nosas recomendacións:

[Media Laranxa](#)  
[Os fogóns de Tona & Anxo](#)  
[Bolboretas no bandullo](#)  
[As receitas de Xiana](#)  
[Kukinhas](#)



Antes de que volvan para a súa casa, queres convidar a familia a xantar nun restaurante que che recomendaron, mais non lembrás o nome. Só lembrás que estaba en Compostela e pertencía a un grupo de profesionais da cociña que son o [Grupo Nove](#). Busca o nome do restaurante compostelán e explica o seu significado.

O restaurante chámase

e significa

No dicionario da Real Academia Galega a gastronomía defínese como: “Arte da boa cociña e de apreciar os bos pratos”. Na gastronomía galega hai moi bos exemplos de restaurantes con grandes recoñecementos culinarios e moi boas críticas. E tamén hai moitos establecementos que teñen a carta en galego, coñeces algún restaurante da túa zona onde teñan a carta ou atendan en galego?



## REFERENTES



### **Lucía Freitas**

formouse na Escola Superior de Hostalaría de Artxanda (Bilbao) e actualmente é cociñeira e propietaria do restaurante A Tafona, cunha cociña baseada en produtos galegos de temporada e na materia prima local.



### **Javi Olleros**

é cociñeiro do restaurante Culler de Pau, que conta con numerosos recoñecementos gastronómicos. Estudou Cociña na Escola Pública de Hostalaría de Santiago de Compostela e aposta polos produtos do mar no seu restaurante do Grove.

## 6. É túa. Pásaa no deporte!

Adiviña: cales son os himnos oficiosos do noso deporte? "[Os pinos](#)", "Rianxeira" ou "Miu-diño"? A nosa lingua tamén une afeccións, sexan do Celta ou do Deportivo, do Obradoiro ou do Breogán. Senón que lle pregunten a C. Tangana, que creou [o exitoso himno do centenario do Celta!](#)

### Obxectivos:

- Visualizar a presenza do galego en deportes profesionais.
- Analizar vocabulario específico relacionado co deporte.



Atrévete a xogar coa  
lingua?

## ACTIVIDADE

No mundo do deporte hai moitos estranxeirismos que houbo que adaptar e a maneira de escribir os nomes de moitos deportes muda con respecto á escrita na súa lingua de orixe. Por exemplo wáter-polo ou windsurf. E cal dirías que é a maneira correcta de escribir en galego os seguintes deportes?

**Wáter-polo**

**Waterpolo**

**Váter-polo**

**Vaterpolo**

**Triatlón**

**Treatlón**

**Triátlon**

**Tréatlon**

**Hockey**

**Hóckey**

**Hoquei**

**Hóque**

Como vedes, no deporte tamén temos unha lingua propia! E non só no nome dos deportes, tamén para os elementos deportivos temos vocabulario propio. Elixo agora cal sería a palabra correcta en cada caso:

**Canasta**

**Canastra**

**Canastro**

**Campionato**

**Campeonato**

**Campeoato**

**Contravolta**

**Revancha**

**Desquite**

E hai moito máis vocabulario que non debes pasar por alto. Colle lapis e papel e toma nota de todo o que contan [Esther Estévez e Antonio Mosquera](#) sobre fútbol. Queres ver a segunda parte do vídeo? [Aquí vai!](#)

Mais a riqueza da nosa lingua fai que teñamos palabras propias para todos os deportes. Investiga e responde as seguintes preguntas:

Cales son os catro diferentes estilos de natación?

Como se chama unha persoa que practica piragüismo?

Nunha carreira de atletismo cada participante corre pola súa

Antes de rematar, [viches este vídeo do futbolista Kevin Vázquez](#)? Que opinades?

## REFERENTES



### Rocío García Eiras

*Xogadora de rugby*

*“Fun unha nena de aldea do interior de Galicia criada en galego. A lingua sempre me acompaña e me acompañou a todos cantos recunchos do mundo aos que o rugby me levou. Orgullosa de levar sempre comigo ese selo que nos identifica como galegos, que nos fai únicos alá onde vamos.”*



### Sechu López

*Alpinista e aventureiro*

*“Escribir e publicar en galego foi unha firme decisión que mantiven dende os meus primeiros textos e artigos ata a actualidade coas redes sociais. Relato moitas das miñas viaxes a montañas de 22 países de catro continentes porque compartir tamén é parte do camiño.”*

## 7. É túa. Pásaa na música!

Hai música *mainstream* en galego? Hai, ho! Outra cousa é que sempre sintonices as mesmas radios ou listas de reprodución. Ás veces é preciso saír do bucle e abrir ben os ouvidos: évos garantía de encontrar sorpresas!

### **Obxectivos:**

- Promover a escoita de música en galego.
- Dar a coñecer referentes musicais no noso idioma.



Sintonizámonos?

## ACTIVIDADE

Esta fin de semana dás unha festa na túa casa, xa tes a lista de persoas convidadas, mercaches petiscos e bebidas para todo o mundo, preparaches a decoración... Só che falta escoller a música! Completa as filas elaborando unha lista de reprodución de 12 cancións que che gustaría que soasen na túa festa.

The image shows two identical mobile app screens side-by-side, designed for creating a music playlist. Each screen features a blue header with a profile icon on the left, a notification bell on the right, and a text input field labeled 'Nome da lista' with a plus icon to its right. Below the header are six rows of input fields, each containing a 'Título' (Title) and 'Artista' (Artist) label. At the bottom of each screen is a music player interface with a progress bar showing '1:18' and '2:21' on the left and right respectively, and playback controls including a music note icon, a play/pause button, and skip buttons. A downward arrow is visible below the controls.




Cantas cancións da túa escolla musical son en galego? Que artistas musicais coñeces que canten en galego? Aquí tes como exemplo a [lista de reprodución dos temas de verán](#). E, senón, tamén podes botar un ollo a algunhas das nosas recomendacións de música en galego de todos os estilos e para todos os gustos:

- ▶ Ska, reggae, ritmos urbanos e punk-rock definen a [Dakidarría](#), que cantan letras incendiarias cargadas de esperanza e rebeldía.
- ▶ [HIGH PAW](#) está influenciada polas grandes cantantes da música negra e mestura reggae, roots ou raggamuffin para crear cancións con moita personalidade, estilos variados e ritmos diversos.
- ▶ A música de [Mercedes Peón](#) caracterízase pola innovación permanente, onde coexisten ritmos tradicionais e contemporáneos, instrumentos acústicos, eléctricos e electrónicos, melodías e timbres da súa voz e electroacústica...
- ▶ O estilo pop-indie ou música de autora define o traballo musical de [Guadi Galego](#), vocalista, pianista e gaiteira.
- ▶ [A Banda da Loba](#) ten un estilo musical propio, hetetroxéneo e singular, que parte do pop para unirse co blues, folk, rock e crear músicas de seu.
- ▶ [Baiuca](#) achega a música tradicional galega á electrónica, utilizando cunchas, pandeiretas e gaitas, que asocia con sintetizadores, caixas de ritmo e programación.

E se aínda queres ver máis exemplos de música en galego podes consultar [Cantámola en Galego](#), de seguro que atoparás o teu novo grupo favorito.

Bota un ollo a isto:



## REFERENTES



### As Tanxugueiras

Músicas

*"A nosa relación co galego é moi íntima. É a lingua que utilizamos no noso día a día. Aida si tivo unha época no colexio de utilizar máis o castelán, pero pronto regresou a utilizar o galego. Agora imos co galego como bandeira nos nosos concertos, actos públicos, etc., tanto dentro do país como fóra. Gústanos a sonoridade e ver as reaccións positivas que provoca no público."*



### Grande Amore

Músico

*"Agradezo cando noto que alguén próximo a min se está expresando dunha forma tal que me sinto identificado."*



## Fillas de Cassandra

Músicas

*“Creamos en galego porque é a forma en que decidimos movernos polo mundo, e porque queremos construír cultura e referentes, para que outras, as que veñen detrás, poidan medrar na nosa lingua.”*



[ESCÓITAAS!](#)

## 8. É túa. Pásaa na ciencia!

Á parte do latín, que lingua asocias co mundo da ciencia? Veña, vai e cóntallelo ás eucariotas e ás procariotas, a ver que che responden! A ciencia ten a súa propia linguaxe. Niso estaremos de acordo, ou?

### **Obxectivos:**

- Ofrecer referentes de diferentes ámbitos científicos que utilizan o galego de xeito habitual.
- Mostrar recursos en liña sobre ciencia en galego.



Eucariotízaste  
con nós?

## ACTIVIDADE

Imos alá cun xogo de preguntas. Escolle en cada caso a resposta que consideres correcta.

### 1. Cantos ósos ten o corpo do ser humano?

- 184
- 192
- 206
- 218

### 2. Que mide un barómetro?

- Temperatura
- Velocidade
- Presión do ar
- Humidade



**3. Que animais non necesitan aparearse para reproducírense?**

- Estrela de mar
- Caracois
- Ningunha das anteriores
- Ambas son correctas

**4. Cal é o planeta do sistema solar que está máis cerca do sol?**

- Mercurio
- Marte
- Xúpiter
- Ningunha é correcta

**5. Para que serven as raíces das plantas?**

- Para absorber auga e sales minerais da terra
- Para poder reproducirse
- Para facer a fotosíntese
- Todas son correctas

**6. Cal é a ciencia que estuda as estrelas?**

- Astroloxía
- Astronomía
- Paleontoloxía
- Microloxía

**7. En que estados pode presentarse a materia?**

- Sólido, líquido e gasoso
- Estable e inestable
- Renovado e non renovado

**8. Cal dos seguintes elementos non está relacionado co ollo humano?**

- Córnea
- Pupila
- Pituitaria
- Retina


**9. De que está composta a choiva ácida?**

- De ácido nítrico e clorhídrico
- De ácido acético e úrico
- De ácido sulfúrico e úrico
- De ácido sulfúrico e nítrico

**10. Que utilizan os peixes para respirar baixo a auga?**

- Pulmóns
- Boca
- Branquias
- Ningunha é correcta

A ciencia en galego? Por que non? Visualiza este vídeo de Fátima Barros e debate na aula co resto de compañeiras e compañeiros. Para isto, divide a aula á metade facendo dous grupos, un dos grupos encargarse de defender a divulgación de ciencia en galego e o outro estará en contra. Buscade argumentos e a debater!



## REFERENTES



### **Iria Veiga**

*Médica psiquiátrica e divulgadora*

*“O meu compromiso co galego comeza dende o ámbito asistencial, tratando de normalizar o uso da lingua no eido sanitario e co firme convencemento de que o seu emprego mellora a miña comunicación e relación terapéutica coas usuarias e compañeiras.”*



### **Sonia Villapol**

*Neurocientífica*

*“Falar en galego a conciencia, e ás veces contra corrente, é un dos maiores praceres que existen. Escribilo e empregalo coma ferramenta é a culminación. Levo facéndoo toda a vida.”*



# 9. É túa. Pásaa nas novas tecnoloxías!

Hoxe en día, a tecnoloxía forma parte da nosa rutina diaria e vós ben o sabedes: computadores nas aulas, tabletas, Internet... Serías capaz de imaxinar un día enteiro da túa vida sen tecnoloxía?

## **Obxectivos:**

- Mostrar que a lingua galega tamén ten cabida nas novas tecnoloxías a través de exemplos prácticos.
- Dar a coñecer ferramentas, iniciativas e contidos tecnolóxicos en galego.



Activamos a imaxinación?


## ACTIVIDADE

Imaxina que viaxas ao pasado, non moi atrás, aos anos 80. Como cres que sería a túa vida sen todos os avances tecnolóxicos que hai na actualidade? Pensa que o primeiro computador comercial do mundo se creou no ano 1951, pero ata a década dos 90 non era habitual que a poboación galega contase con computadores nas súas vivendas. Debate coas túas compañeiras e compañeiros como sería o voso día a día nos anos 80 e reflexiona ao redor das seguintes preguntas:





- Cales son os teus gustos?
- En que invistes o teu tempo de lecer hoxe e en que o investirías nos anos 80?
- Hai moita diferenza entre o que fas na actualidade e o que farías no pasado?
- Canto tempo ao día pasas diante das pantallas?
- Cres que ese tempo é moito ou pouco?





Para a pensar agora sobre a lingua: en que idioma se atopan todos os dispositivos e aplicacións que utilizas habitualmente? Teñen a opción de se configuraren en galego? Agora é a túa quenda: que aplicación móbil che gustaría que existise? Pénsao ben e deseña a interface principal para esa nova aplicación en galego.

Describe aquí o tipo de aplicación que che gustaría crear:



Visualiza o exemplo e diseña aquí a interface da túa aplicación (evitando anglicismos!):





Tal e como ti acabas de facer, hai moitas persoas e proxectos que crean os contidos en galego como [Imaxin](#), compañía especializada no desenvolvemento de solucións multimedia e tecnoloxías da lingua; [Na Utopía](#), plataforma de obradoiros en liña de distintos ámbitos creativos, técnicos ou divulgativos ou [Youtubeiras](#), iniciativa de dinamización lingüística para a creación de contidos en galego no YouTube. E tamén hai creadoras en galego nas redes, claro! Se che interesa o mundo dos videoxogos, Iago Gordillo é un referente co seu proxecto [Recuncho Gamer](#); se o que che gusta é o mundo da intelixencia artificial e desenvolver novas tecnoloxías non podes perder de vista a iniciativa [FalAi](#).

E ti, coñeces outras persoas, iniciativas ou proxectos tecnolóxicos que creen en galego?

E que pasa se lle pides á Intelixencia artificial que cree un texto en galego? Fai a proba co Chat GPT e pon en común o resultado co resto da aula.



## REFERENTES



### Iago Gordillo

*Creador de contido dixital*

*"O galego é a lingua na que vivín no patio do colexio e, tras uns anos coa diglosia urbanita actuando moi forte en min, decidín recuperar o galego para empregalo acotío nas redes sociais e na creación de contido audiovisual. Procuro que o galego se poida empregar para todo, comezando por usalo para falar de videoxogos."*



### Carlos Dorado Gayo

**"Qar"**

*Creador de videoxogos*

*"Crear en galego no século XXI é unha manifestación do músculo cultural, intelectual e artístico que posuímos en Galicia, comezando con personaxes como Afonso X o Sabio, pasando por referentes como Rosalía de Castro e chegando a xuntanzas colectivas como a xeración Nós ou o Xabarán Club."*



## **Verónica Bolón**

*Enxeñeira informática*

*“Para min, utilizar o galego como lingua primaria en todos os ámbitos da miña vida é unha cuestión de dereitos, de elección propia, e de principios.”*

# 10. É túa. Pásaa con voz propia!

Viches? A estas alturas xa che multiplicamos por oito as/os referentes en galego, como mínimo! En ocasións é só abrir a xanela, asomar a cabeza... e ver que se move por aí fóra!

## **Obxectivos:**

- Dar unha visión global do uso do galego nos ámbitos traballados anteriormente.
- Incitar ao uso do galego por medio de actividades participativas.



Abres connosco a calculadora e vemos de continuar multiplicando?



## ACTIVIDADE

Le con atención as seguintes palabras e o seu significado.

**Encerado:** cadro, de diferentes materiais, que se usa normalmente nas escolas para escribir ou debuxar.

**Parasol:** instrumento similar a un paraugas, que se utiliza para protexerse do sol.

**Cranio:** conxunto de ósos que forman a cavidade que encerra e protexe o encéfalo.

**Sombreiro:** peza de vestir que se pon na cabeza para cubrila ou adornala, que pode ser de diversas feitura e de diversos materiais, como palla, feltro etc.

**Peixaría:** establecemento onde se vende peixe, especialmente cando é fresco.

**Ventá:** abertura nunha parede ou noutra superficie para deixar pasar a luz e o ar.

**Tixola:** utensilio de cociña metálico, de forma redonda, pouco fondo e con mango longo, no que se friten os alimentos.

**Escordadura:** acción e efecto de escordar. **Escordar:** Forzar violentamente a articulación de [unha parte do corpo], ás veces coa rotura dalgún ligamento ou de fibras musculares próximas.

**Constipado:** inflamación dalgunha mucosa, que produce un aumento da súa secreción e, en particular, inflamación dunha mucosa do aparato respiratorio, provocada polo arrefriamento do corpo, que comporta un aumento da secreción do moco, espirros, tose etc.

**Pota:** recipiente de metal ou de barro en forma de cilindro, con tampa, que se usa para facer a comida.

**Doenza:** Alteración máis ou menos grave das funcións do organismo.

Xa remataches? Agarda polo resto da aula e cando todo o mundo remate, facede catro grupos. A persoa máis nova de cada grupo debe elixir unha das palabras (sen dicirllas a ninguén) e, mediante xestos, intentar que o resto do grupo a adiviñe. Pero ollo: non vale falar! Quen adiviñe a palabra será a seguinte persoa en mostrar os seus dotes na representación mímica.


Logo de tres ou catro quendas, intentade, de forma individual, completar o seguinte cadro de sinónimos:

<b>Encerado</b>	
<b>Parasol</b>	
<b>Cranio</b>	
<b>Sombreiro</b>	
<b>Peixaría</b>	
<b>Ventá</b>	
<b>Tixola</b>	
<b>Escordadura</b>	
<b>Constipado</b>	
<b>Pota</b>	
<b>Doenza</b>	

Conseguiches completalo? Coñecías todas as palabras que vimos nesta actividade? Cales son as que non coñecías? Pon en común co resto da aula as palabras que non coñecías e que outras utilizas ti no seu lugar.

Como vedes, temos unha lingua moi viva, moi rica e con palabras para todos os ámbitos, [Alba](#) e [Aila](#) xa deron o paso, agora é a túa quenda. Aceptas O gran reto?.

**É túa. Pásaa con voz propia!**



# Recursos



## QUE NECESITAS?



Buscar o significado dunha palabra, conxugar un verbo ou ver sinónimos?

<https://academia.gal/diccionario/>

Que non che aparece aí a palabra? Téntao aquí, vas ver:

<https://ilg.usc.gal/ddd/>

Tampouco? Mmm, e aquí?

<https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm>

Traducir un texto desde outro idioma?

<https://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index>

Pórllle nome galego a unha eucariota que adoptaches?

<https://academia.gal/nomes>

Aprender a utilizar a linguaxe non sexista?

<https://www.exeria.net/>

ou tamén tes esta guía

[https://www.dacoruna.gal/files/7015/7658/7093/guia\\_dixital\\_para\\_colgar\\_en\\_web\\_accessible.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7015/7658/7093/guia_dixital_para_colgar_en_web_accessible.pdf)

Saber canta xente leva o teu apelido e por onde andan?

<http://ilg.usc.es/cag/>

Pór unha reclamación para que se use o galego en... ? Aquí tes exemplos de instancias, solicitudes e reclamacións.

<https://www.amesa.gal/recursos/>

Saber cal raio é a forma correcta dun topónimo?

<https://www.xunta.gal/nomenclator>

Saber como se di en galego unha palabra que só coñezo en castelán?

<https://rinoceronte.gal/diccionario/>

Seguir ampliando os teus “referentes para revolucionar o galego”?

<https://www.alingua.gal>

# Respostas



## 2. É túa. Pásaa enriba do escenario!

Investiga quen subiu ao escenario recoller os seguintes galardóns:

- Premios de Teatro María Casares 2016 - Actriz protagonista: [Melania Cruz](#)
- Premios de Teatro María Casares 2015 - Actriz secundaria: [Areta Bolado da Panadaria](#)
- Premios Mestre Mateo - Mellor director 2019: [Óliver Laxe](#)
- Premios Mestre Mateo - Mellor interpretación feminina protagonista 2009: [María Vázquez](#)
- Premio Max 2021 ao mellor intérprete de danza masculino: [Iván Villar](#)

### 3. É túa. Pásaa lendo!

1 **D**

3 **E**

5 **F**

2 **A**

4 **B**


6 **C**

### 4. É túa. Pásaa con creatividade! [exercicio 1]

P	I	M	E	D	O	T	A	P	R	I	M	B	A	N
I	L	U	S	T	R	A	C	I	O	N	A	I	T	E
N	U	R	A	O	I	N	E	N	A	E	N	L	A	G
T	I	A	R	T	E	E	N	T	O	S	C	A	C	O
A	G	L	O	B	I	A	R	U	R	A	E	N	U	D
L	N	I	S	U	X	C	E	R	A	M	I	C	A	N
I	E	S	E	E	A	R	T	A	N	C	R	O	R	E
G	A	M	A	C	O	E	R	L	A	R	R	F	E	S
O	F	O	T	O	G	R	A	F	I	A	U	E	L	A
F	E	R	I	L	E	B	N	T	N	E	N	T	A	P
U	N	X	D	A	L	A	V	O	O	M	P	A	T	E
C	A	C	U	X	T	I	O	S	M	A	I	L	L	O
O	T	A	M	E	E	N	U	E	B	E	S	O	E	N
M	D	E	S	E	Ñ	O	G	R	A	F	I	C	O	T
A	L	E	O	Z	A	N	T	E	N	O	S	A	M	E


## 4. É túa. Pásaa con creatividade! [exercicio 2]

Aurora Outón



PINTURA

Nana




MURALISMO

Cavalinho do demo



CERÁMICA

Zeltia



FOTOGRAFÍA

## 5. É túa. Pásaa na cociña!

O restaurante chámase [A Tafona](#) e significa: [establecemento onde se coce e vende o pan](#).

## 6. É túa. Pásaa no deporte!

Cal dirías que é a maneira correcta de escribir en galego os seguintes deportes?

[Wáter-polo](#), [Tríatlon](#) e [Hóckey](#).

Elixo a palabra correcta en relación cos diferentes elementos deportivos:

[Canastra](#), [Campionato](#) e [Desquite](#).

Investiga e responde as seguintes preguntas:

Cales son os catro diferentes estilos de natación?

[Estilo braza](#), [estilo libre](#) ou [estilo crol](#), [estilo costas](#), [estilo bolboreta](#).

Como se chama unha persoa que practica piragüismo? [Padexeiro/a](#) ou [padeeiro/a](#).

Nunha carreira de atletismo cada participante corre pola súa [estaxe](#).

## 8. É túa. Pásaa na ciencia!

1. Cantos ósos ten o corpo do ser humano? [206](#).
2. Que mide un barómetro? [A presión do ar](#).
3. Que animais non necesitan aparearse para reproducírense? [Ambas son correctas](#).
4. Cal é o planeta do sistema solar que está máis cerca do sol? [Mercurio](#).
5. Para que serven as raíces das plantas? [Para absorber auga e sales minerais da terra](#).
6. Cal é a ciencia que estuda as estrelas? [Astronomía](#).
7. En que estados pode presentarse a materia? [Sólido, líquido e gasoso](#).
8. Cal dos seguintes elementos non está relacionado co ollo humano? [Pituitaria](#).
9. De que está composta a choiva ácida? [De ácido sulfúrico e nítrico](#).
10. Que utilizan os peixes para respirar baixo a auga? [As galadas ou branquias](#).

## 10. É túa. Pásaa con voz propia!

<b>Encerado</b>	<b>Taboleiro</b>
<b>Parasol</b>	<b>Antuca ou catasol</b>
<b>Cranio</b>	<b>Tampa dos miolos ou tapa dos miolos</b>
<b>Sombreiro</b>	<b>Pucho ou chapeu</b>
<b>Peixaría</b>	<b>Peixería</b>
<b>Ventá</b>	<b>Fiestra ou xanela</b>
<b>Tixola</b>	<b>Fritideira, frixideira, sartaña ou tixela</b>
<b>Escordadura</b>	<b>Distorsión, retorzón ou torcedura</b>
<b>Constipado</b>	<b>Arrefriado, catarreira ou catarro</b>
<b>Pota</b>	<b>Ola</b>
<b>Doenza</b>	<b>Enfermidade</b>



# É TÚA. PÁSAA!

**GUÍA DIDÁCTICA**

con actividades e referentes  
para revolucionar o teu galego.

**ALINGUA**

asociación de entidades locais  
pola lingua galega